



BORRADOR DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE FUNCIONAMENTO E PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES INFANTÍS ORGANIZADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CEE

EXPEDIENTE Nº 2026/G013/000003

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Cee, no exercicio da súa autonomía local recoñecida constitucionalmente e no marco das competencias que lle atribúe a normativa vixente en materia de servizos sociais, promove de forma continuada actividades dirixidas á infancia e á adolescencia co obxectivo de favorecer o desenvolvemento integral dos menores, a igualdade de oportunidades, a conciliación da vida familiar e laboral e a promoción de hábitos saudables de convivencia e participación social.

Estas actividades constitúen unha ferramenta esencial dentro das políticas públicas municipais de benestar social, ao tempo que supoñen un recurso de apoio ás familias do municipio, especialmente naqueles períodos nos que a organización da vida laboral e familiar require alternativas seguras, educativas e de lecer para os menores.

Co fin de garantir un acceso ordenado, transparente e obxectivo a estes recursos públicos, resulta necesario establecer un marco normativo claro que regule as condicións de participación, o procedemento de inscrición, os criterios de valoración das solicitudes, así como os dereitos e obrigas das persoas participantes, todo iso baixo o principio do interese superior do menor e o respecto estrito á normativa de protección de datos e dereitos fundamentais.

Para estes efectos, o Concello exerce a súa potestade regulamentaria e de autoorganización, de conformidade cos artigos 2, 4, 5, 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no marco das competencias propias municipais en materia de servizos sociais comunitarios básicos e específicos recollidas nos artigos 60 e 62 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e no artigo 28 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por finalidade regular de maneira integral o funcionamento e as condicións de participación nas actividades infantís organizadas polos Servizos Sociais do Concello de Cee no marco das competencias propias municipais en materia de servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

Este marco normativo establece os requisitos de acceso, o procedemento administrativo de inscrición, os criterios de adxudicación de prazas, así como o réxime de funcionamento, convivencia e participación dos menores nas actividades municipais.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

As disposicións contidas neste regulamento serán de aplicación a todas as actividades de carácter educativo, social, cultural, deportivo ou recreativo dirixidas a menores de idade que sexan organizadas, xestionadas ou promovidas polos Servizos Sociais do Concello de Cee ou cando así o estableza expresamente a correspondente convocatoria.

Quedan incluídas aquelas actividades que, por razón da súa natureza ou finalidade, teñan como obxectivo principal o desenvolvemento persoal, social ou educativo da infancia e adolescencia.

Artigo 3. Principios xerais de actuación

A interpretación e aplicación do presente regulamento realizarase conforme aos seguintes principios xerais:

- Interese superior do menor**, como principio reitor de toda actuación administrativa que afecte a persoas menores de idade, de conformidade coa Lei Orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor.
- Igualdade de trato e non discriminación**, garantindo o acceso en condicións obxectivas e equitativas.



c) **Transparencia e obxectividade**, tanto no procedemento de admisión como na adxudicación das prazas.

d) **Eficiencia na utilización dos recursos públicos**, asegurando o uso adecuado dos medios municipais.

e) **Protección integral da infancia e adolescencia**, conforme á normativa estatal e autonómica aplicable.

TÍTULO II. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Artigo 4. Requisitos xerais de acceso

Para poder participar nas actividades reguladas neste regulamento, será necesario cumprir os seguintes requisitos básicos:

- a) Ter a idade comprendida dentro dos límites establecidos para cada actividade concreta, segundo se determine na correspondente convocatoria.
- b) Presentar a solicitude de participación debidamente cuberta e asinada pola persoa que ostente a patria potestade, tutela ou representación legal do menor.
- c) Achegar a documentación requirida en cada convocatoria, así como aquela necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos.
- d) Aceptar expresamente as normas de funcionamento, convivencia e organización recollidas neste regulamento.
- e) Facilitar datos veraces, completos e actualizados, asumindo a responsabilidade derivada da súa inexactitude.

Artigo 5. Empadramento e residencia

O empadramento no Concello de Cee ou, no seu defecto, a acreditación dunha residencia efectiva no termo municipal, non constitúe requisito indispensable de acceso ás actividades, sen prexuízo da súa valoración no baremo establecido no presente regulamento.

A finalidade deste criterio é favorecer a participación prioritaria da poboación vinculada ao municipio, garantindo ao mesmo tempo a apertura das actividades a outras situacións familiares debidamente xustificadas. A preferencia responde á finalidade de atender prioritariamente ás necesidades da poboación residente e contribuínte do municipio, de acordo cos principios de eficacia e utilización racional dos recursos públicos.

TÍTULO III. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

Artigo 6. Formalización das solicitudes

As solicitudes de participación deberán formalizarse obrigatoriamente no modelo normalizado aprobado polo Concello de Cee, que figura como **Anexo I** do presente regulamento.

Cada solicitude referirase exclusivamente a un único menor, co fin de garantir a correcta tramitación e valoración individualizada de cada caso.

A sinatura da solicitude implicará a plena responsabilidade da persoa solicitante respecto da veracidade dos datos achegados.

Artigo 7. Presentación das solicitudes

As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios legalmente establecidos, e en particular:

- a) No Rexistro Xeral do Concello de Cee.
- b) A través da sede electrónica municipal.
- c) Mediante calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando a solicitude sexa presentada noutro rexistro distinto do municipal, a data de entrada válida será a que conste no dito rexistro, de conformidade co artigo 16.4 da Lei 39/2015, debendo o órgano competente do Concello de Cee proceder á súa incorporación ao expediente administrativo.

Artigo 8. Subsanación de solicitudes

De conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, cando se detecten defectos ou falta de documentación nas solicitudes presentadas, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se



así non o fixera, se lle terá por desistida da súa petición, previa resolución nos termos do artigo 21 da mesma lei.

Unha vez finalizado o prazo de presentación, os servizos municipais procederán á revisión das solicitudes recibidas co fin de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos.

No caso de detectarse defectos ou carencias na documentación presentada, publicarase unha listaxe provisional, concedéndose un prazo de tres días hábiles para a formulación de alegacións. Transcorrido o prazo indicado, e unha vez analizada a documentación achegada, aprobarase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como, de ser o caso, a correspondente lista de agarda.

TÍTULO IV. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Artigo 9. Natureza e funcións

A Comisión de Valoración constitúe o órgano colexiado encargado de garantir a correcta aplicación dos criterios establecidos neste regulamento, asegurando a obxectividade e transparencia no proceso de adxudicación das prazas.

Correspóndelle, en particular:

- a) Valorar as solicitudes de acordo co baremo establecido.
- b) Formular proposta de resolución ao órgano municipal competente.
- c) Informar sobre calquera incidencia que poida afectar á correcta aplicación do regulamento.

Artigo 10. Composición

A Comisión estará integrada por tres membros titulares, designados entre persoal do Concello de Cee, preferentemente adscrito aos Servizos Sociais:

- Presidente/a, secretario/a e vogal

Designaranse igualmente os correspondentes suplentes para cada un dos cargos, co fin de garantir o funcionamento continuado do órgano.

A comisión estará o disposto no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015 adicados respectivamente a causas de abstención e recusación.

TÍTULO V. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Artigo 11. Baremo de adxudicación

O baremo de valoración das solicitudes establécese conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación recoñecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no marco das competencias municipais en materia de servizos sociais establecidas na Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, conforme á seguinte escala:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Unidade familiar convivente empadroadada no Concello de Cee	10
Menor e un proxenitor empadroados no Concello de Cee	7
Estancia con proxenitor empadroadado acreditada por resolución xudicial ou título equivalente	5
Residencia efectiva no Concello de Cee sen empadramento formalizado	4
Circunstancias sociais ou familiares valoradas tecnicamente	3
Menores sen empadramento nin residencia efectiva	2

Artigo 12. Criterio social

O criterio social terá carácter excepcional e non automático, sendo aplicado exclusivamente mediante informe técnico motivado dos Servizos Sociais, cando concorran circunstancias que así o aconsellen en atención ao interese superior do menor.

O informe técnico terá en conta, entre outros elementos, os criterios recollidos na Lei Orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, e na normativa autonómica de servizos sociais, e deberá deixar constancia das circunstancias de risco ou vulnerabilidade apreciadas, así como da ponderación realizada.

TÍTULO VI. RESOLUCIÓN E ORDEACIÓN DE LISTAS

Artigo 13. Resolución do procedemento



A resolución do procedemento axustarase ao disposto na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, correspondendo á alcaldía ou concelleira delegada de servizos sociais segundo delegación, de conformidade co réxime de competencias establecido na Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación, de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015. Transcorrido o dito prazo sen resolución expresa, o silencio administrativo terá efectos desestimatorios.

As resolucións deberán ser motivadas, decidirán todas as cuestións plantexadas e expresarán os recursos que contra as mesmas procedan, o órgano ante o que deban interpoñerse e o prazo para facelo, de conformidade co artigo 88 da Lei 39/2015.

TÍTULO VII. BAIXAS E INCIDENCIAS

Artigo 14. Baixa voluntaria

A persoa que exerza a patria potestade, tutela ou representación legal da persoa menor poderá solicitar en calquera momento a baixa voluntaria na actividade mediante a presentación do modelo normalizado que figura como Anexo II deste regulamento.

A baixa producirá efectos desde a data da súa comunicación ao Concello, sen prexuízo das obrigas económicas que, se é o caso, resulten exixibles conforme ás condicións establecidas na correspondente convocatoria.

A baixa voluntaria implicará a perda da praza asignada, que poderá ser adxudicada á seguinte persoa da lista de agarda, de existir esta.

Artigo 15. Baixa acordada polo Concello.

O Concello poderá acordar a baixa dunha persoa participante cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Incumprimento grave ou reiterado das normas de convivencia ou das instrucións do persoal responsable da actividade.
- b) Faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas, nos termos que estableza a correspondente convocatoria.
- c) Ocultación ou falsidade dos datos ou da documentación achegada que resultasen determinantes para a obtención da praza.
- d) Alteración sobrevida das condicións de saúde ou doutras circunstancias que fagan incompatible ou desaconsellable a continuidade na actividade, logo do correspondente informe técnico ou sanitario, cando resulte procedente.
- e) Calquera outra causa prevista na normativa aplicable ou nas condicións específicas da convocatoria que imposibilite a adecuada participación na actividade.

Con carácter previo á adopción da resolución de baixa, concederase trámite de audiencia ás persoas interesadas por un prazo de dez días, de conformidade cos artigos 53.1.e), 76 e 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo que concorran razóns de urxencia debidamente motivadas ou que a medida resulte necesaria para garantir a seguridade ou a integridade das persoas participantes.

A baixa será acordada mediante resolución motivada do órgano municipal competente, que será notificada ás persoas interesadas con indicación dos recursos que procedan conforme á normativa vixente.

TÍTULO VIII. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Artigo 17. Protección de datos persoais

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD), e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase de que os datos de carácter persoal facilitados a través dos diferentes formularios serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E e enderezo en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n,



15270 Cee (A Coruña), como responsable do tratamento, e serán incorporados á Área de Servizos Sociais, á cal van dirixidas as solicitudes.

A finalidade do tratamento é a xestión da participación da persoa interesada nas actividades levadas a cabo dende o Departamento de Servizos Sociais. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán comunicados a outras entidades cando sexa necesario para levar a cabo a actividade solicitada ou para o cumprimento de obrigas legais.

O tratamento dos datos das instancias de solicitude fundamenta está baseado no artigo 6.1.e) do RXPd: "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento", en relación coas competencias municipais en materia de Servizos Sociais.

No apartado de consentimentos específicos, o tratamento dos datos estará baseado, segundo o caso, no artigo 6.1.a) do RXPd ("o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos"), en particular para o uso de imaxes. A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

E no artigo 6.1.d) ("o tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física"), en supostos de emerxencia médica, sen prexuízo do réxime de consentimento por representación previsto na Lei 41/2002, básica reguladora d autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

A difusión de imaxes na páxina web institucional, en prensa e en redes sociais suporá unha comunicación de datos a terceiros, atendendo á natureza e funcionamento destes servizos. A non autorización para o uso de imaxes non condicionará en ningún caso a participación da persoa menor no programa.

Os datos persoais de menores de catorce anos cuxo tratamento se basee no consentimento (artigo 6.1.a RXPd) requirirán o consentimento das persoas titulares da patria potestade ou tutela, de conformidade co artigo 7 da LOPDGDD.

Os datos persoais facilitados conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, durante os prazos de conservación e prescrición de responsabilidades legalmente establecidos.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, se procede, portabilidade, nos termos previstos na normativa vixente, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento (Concello de Cee, Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee – A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>.

Así mesmo, poderán obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo electrónico dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello, no seguinte enlace: <https://cee.gal/es/privacidade>

O Concello de Cee poderá comprobar de oficio os datos de empadramento das persoas participantes e solicitantes, de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, salvo oposición expresa da persoa interesada. En caso de oposición, deberá achegarse certificado de padrón.

Os datos serán tratados exclusivamente para a xestión das actividades organizadas polos Servizos Sociais do Concello de Cee, actuando esta entidade como responsable do tratamento.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Disposición adicional única. Interpretación do regulamento por Servizos Sociais.

Corresponderá ao órgano competente para resolver cada procedemento administrativo a aplicación e interpretación deste regulamento, sen prexuízo das funcións de asesoramento dos Servizos Sociais e do control xurisdiccional.

Disposición derradeira única. Aprobación e entrada en vigor.

O presente regulamento será aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Cee, sometido a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, e aprobado definitivamente polo Pleno, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.



Unha vez aprobado definitivamente, publicarase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor aos quince días da devandita publicación, de conformidade co artigo 65.2 e 70.2 da mesma lei.

Asinado dixitalmente o marxe.
Sra alcaldesa do Concello de Cee:
D^a Margarita Lamela Louzán.

ANEXO I. SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE:

NOME E APELIDOS:	
DATA DE NACEMENTO	
EMPADRONAMENTO:	
ALERXIAS Indicar de ser relevante para o desenvolvemento da actividade	

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

SOLICITANTE 1: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO:	
SOLICITANTE 2: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO:	

En Cee, a _____ de _____ de 202__

Asinado:* _____

* Ao asinar o presente documento, a persoa asinante declara, se é o caso, que conta co consentimento e coñecemento da outra persoa proxenitora ou titor/a legal da persoa menor solicitante.



De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E e dirección en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña), como responsable do tratamento, e incorporados á Área de Servizos Sociais, coa finalidade de xestionar a participación da persoa menor nas actividades municipais programadas dende dita área. O tratamento dos datos contidos nesta instancia fundamenta está baseado no artigo 6.1.e) do RXPd ("cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento") e, en situacións de emerxencia médica, no artigo 6.1.d) ("protección de intereses vitais do interesado ou doutra persoa física"), sen prexuízo do réxime de consentimento por representación previsto na Lei 41/2002, básica reguladora da autonomía do paciente. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán comunicados a terceiros cando sexa necesario para a prestación do servizo ou para o cumprimento de obrigas legais. Os datos conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, durante os prazos de conservación e prescrición de responsabilidades legalmente establecidos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, se procede, portabilidade, mediante escrito dirixido ao Concello de Cee (Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee - A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>. Poderán obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo electrónico dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://cee.gal/es/privacidade>

AUTORIZACIÓNS ESPECÍFICAS:

Uso de imaxes

Autorizo ao Concello de Cee a publicar (páxina web institucional, redes sociais, prensa) fotografías e/ou vídeos nos que poida aparecer a persoa participante na actividade, coa exclusiva finalidade de difusión e xustificación do programa.	☐ SI ☐ NON
--	---

A base legal para este tratamento é o consentimento da persoa asinante, de acordo co artigo 6.1.a) do RXPd. O consentimento poderá ser revogado en calquera momento, sen efectos retroactivos sobre tratamentos xa realizados. A non autorización para o uso de imaxes non condicionará en ningún caso a participación da persoa menor no programa.

Autorizo a calquera das/os monitores/as do programa a acompañar á persoa participante, en caso de emerxencia médica, ao centro sanitario correspondente, sen prexuízo da inmediata comunicación á familia.	☐ SI ☐ NON
--	---

Autorizo ao Concello de Cee a a comprobar de oficio o padrón municipal da persoa participante e solicitantes.	☐ SI ☐ NON
---	---

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA (de ser o caso):



☐ No caso de ter algún tipo de alerxia, enfermidade ou afección de saúde, deberá achegarse un informe médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta. Se non se achegan, entenderase que non existen.

☐ En caso de non autorizar ao Concello de Cee á consulta do padrón, deberá ser aportado polo interesado/a.

☐ Documentación precisa que acredite a situación de convivencia aos efectos da súa valoración.

En Cee, a _____ de _____ de 202__

Asinado*:

* Ao asinar o presente documento, a persoa asinante declara, se é o caso, que conta co consentimento e coñecemento da outra persoa proxenitora ou titor/a legal da persoa menor solicitante.

ANEXO II. COMUNICACIÓN DA BAIXA VOLUNTARIA

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

SOLICITANTE: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL	
NOME E APELIDOS:	
DNI/NIE:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO:	

SOLICITO:

A baixa na actividade organizada polo Departamento de Servizos Sociais do Concello de Cee da persoa participante cos seguintes datos:

NOME E APELIDOS:	
NOME DA ACTIVIDADE:	

En Cee, a _____ de _____ de 202__

Asinado*:

* Ao asinar o presente documento, a persoa asinante declara, se é o caso, que conta co



consentimiento e coñecemento da outra persoa proxenitora ou titor/a legal da persoa menor solicitante.

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario serán tratados polo CONCELLO DE CEE, con CIF P1502300E e dirección en Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña), como responsable do tratamento, e incorporados á Área de Servizos Sociais, coa finalidade de xestionar a participación da persoa menor nas actividades municipais programadas dende dita área. O tratamento dos datos contidos nesta instancia fundamenta está baseado no artigo 6.1.e) do RXPd (“cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento”) e, en situacións de emerxencia médica, no artigo 6.1.d) (“protección de intereses vitais do interesado ou doutra persoa física”), sen prexuízo do réxime de consentimento por representación previsto na Lei 41/2002, básica reguladora da autonomía do paciente. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán comunicados a terceiros cando sexa necesario para a prestación do servizo ou para o cumprimento de obrigas legais. Os datos conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, durante os prazos de conservación e prescrición de responsabilidades legalmente establecidos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, se procede, portabilidade, mediante escrito dirixido ao Concello de Cee (Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee - A Coruña) ou a través da sede electrónica <https://sede.cee.gal>. Poderán obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo electrónico dpd@cee.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://cee.gal/es/privacidade>